

(CAMBIO) i) Determinar as condicións de realización dos controis cando, consonte esta lei, non lle corresponda á respectiva federación deportiva.

«i) Determinar, dentro do ámbito das competencias autonómicas, as condicións de realización dos controis consonte a normativa internacional e nacional vixente en materia de dopaxe e o disposto nesta lei.».

j) Sen prexuízo das funcións das federacións deportivas galegas, instruír e resolver os expedientes sancionadores aos deportistas e demais titulares de licenzas deportivas cando proceda.

k) Interpoñer solicitude de revisión ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva cando considere que as decisións adoptadas en materia de dopaxe polos órganos disciplinarios das federacións deportivas non se axustan a dereito.

Artigo 133. *Da competencia para a realización dos controis.*

(CAMBIO) 1. Con carácter xeral correspóndelles ás federacións deportivas a realización das actuacións necesarias para levar a cabo os controis que determine a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

Conforme o previsto na Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva, o órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte poderá celebrar convenios de colaboración coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control da dopaxe que corresponden á Comunidade Autónoma.».

2. Nos controis de dopaxe, realizados en competición ou fóra de competición aos deportistas con licenza federativa para participar en competicións oficiais de ámbito autonómico, as análises destinadas á detección de substancias e métodos prohibidos no deporte deberán realizarse en laboratorios con acreditación internacional da Axencia Mundial Antidopaxe, aprobados ou homologados polo Estado ou pola Comunidade Autónoma.